

Preeclampsia e embarazo

10 de Xuño de 2021

Tempo estimado de lectura: 3 min 30 sg

A preeclampsia é unha complicación do embarazo que, aínda que adoita ser leve na maioría dos casos, se non se trata, pode causar problemas graves de saúde para a nai e o seu bebé. Por iso son tan importantes os controis durante a xestación.

Que é a preeclampsia?

A preeclampsia é unha enfermidade que poden ter algunhas mulleres xestantes despois da semana 20 de embarazo e que principalmente se caracteriza por ter unha tensión arterial elevada e presenza de proteínas na urina.

Como sei se teño a tensión arterial alta?

Considérase que tes hipertensión cando en distintas medicións da túa tensión arterial se dá un destes dous casos:

- A tensión arterial máxima (sistólica) é superior a 140 e a mínima (diastólica) é maior que 90.
- A tensión arterial máxima (sistólica) é superior a 140 ou a mínima (diastólica) é maior que 90.

Por que teño hipertensión?

- Porque xa eras hipertensa antes de quedar embarazada.
- Porque o embarazo che induce tensión arterial alta, sen presenza de proteínas na túa urina.
- Porque tes preeclampsia, é dicir, tensión arterial alta e proteínas na túa urina.

Como previr a preeclampsia?

No teu primeiro trimestre de embarazo, o teu obstetra pode determinar que tes un risco de preeclampsia. Se é así, poida que che receite algún fármaco de maneira preventiva. O factor de risco máis importante é o antecedente de preeclampsia.

Que riscos ten?

- A preeclampsia afecta á placenta, o fígado, os riles, o sistema nervioso central e o sistema cardiovascular.
- A preeclampsia pode ter repercusións moi graves como a eclampsia, que é unha enfermidade durante o embarazo ou o puerperio que provoca convulsións seguidas dun estado de coma.

Cal é o tratamento?

O tratamento dependerá da gravidade da preeclampsia, da semana de embarazo en que esteas e, sobre todo, do estado de saúde teu e do teu bebé. Confía no teu obstetra e matrona e pregúntalles todas as dúbidas que teñas.



Acode ao hospital se es hipertensa e...

- Tes dor de cabeza intensa
- Tes dor abdominal intensa na boca do estómago
- Sofres cambios visuais (visión de luciñas, perda temporal da vista...)
- Náuseas ou vómitos
- Mareo
- Falta de aire grave
- Edema que aparece moi rápido en todo o corpo (os edemas no embarazo son normais, sobre todo nas pernas)
- Medición de tensión arterial descompensada en domicilio

Sabes medir a tensión?

- Pide consello na túa farmacia de confianza antes de adquirir un aparello de medición.
- Senta e permanece en repouso durante 10 minutos.
- Ten os pés apoiados no chan, descruzados, e o brazo á altura do corazón. Coloca o brazaletes e segue as instrucións.
- A primeira vez, faino nos dous brazos. Se os resultados son parecidos, toma o dereito como referencia.